CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, de relevancia persoal próximas á experiencia do alumnado.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión (entre distintas linguas) e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás situacións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre as distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a Lingua Estranxeira co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e/ou dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira de forma guiada.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar empática e respetuosamente en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia dos países onde se fala a lingua inglesa.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou</li> </ul>

## Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta os principios pedagóxicos do Decreto de currículo e as orientacións pedagóxicas da materia, ao longo de toda a programación empregaranse diferentes recursos metodolóxicos para o deseño das situacións de aprendizaxe. Algúns dos aspectos metodolóxicos que teremos en conta para o deseño de situacións de aprendizaxe son os seguintes:

- O alumnado ha de organizar o seu pensamento e reflexionar de forma crítica e creativa.
- A metodoloxía ha de favorecer a motivación por aprender entre o alumnado así que para iso é importante que teñamos en conta os seus intereses, os seus estilos de expresión e os seus estilos de aprendizaxe.
- Ademais da motivación, é importante fomentar a creatividade entre o alumnado. O profesorado tentará crear un ambiente que favoreza a iniciativa e a libre expresión do alumnado.
- O profesorado deberá proporcionar un ensino personalizado, atendendo á diversidade da aula, deseñando actividades adaptadas a cada alumno ou alumna, tanto de extensión como de reforzo se fose preciso.
- Fomentaremos o emprego das TIC. A plataforma E-dixgal será un recurso a empregar día a día.
- Deseñaranse actividades e tarefas para que o alumnado se desenvolva nas catro destrezas (expresión oral e comprensión oral, expresión escrita e comprensión escrita) así como para traballar aspectos socioculturais e o coñecemento da lingua.
- O papel que ha de desempeñar o profesorado é o de facilitador, de guía; o profesor como activador das aprendizaxes. O alumnado é o protagonista do proceso ensino-aprendizaxe, e polo tanto este estará centrado no propio alumnado.

#### 1.- APRENDIZAXE BASEADA EN TAREFAS E PROXECTOS

Partindo dos intereses e motivación do alumnado e tendo en conta as súas fortalezas, estilos de aprendizaxe e estilos de expresión, desenvolveranse unidades integradas e globalizadas para a posta en marcha de desempeños disciplinares. Deseñamos dúas unidades didácticas por trimestre onde cada unha delas culminará con un produto final onde o alumnado poña en práctica os coñecementos e destrezas aprendidas ao longo de cada unidade.

#### 2.- APRENDIZAXE COOPERATIVA

Traballo en equipo a través de diferentes estruturas simples e complexas, dinámicas de cohesión e seguemento e

avaliación do traballo. Debemos ter en conta a distribución na aula segundo o protocolo COVID vixente para o curso 2022-2023.

-Cohesión de grupo: dinámicas de cohesión de equipo e gran grupo, xogos de autoconecemento e coñecemento ou resolucións de conflitos para favorecer un bo clima de traballo na aula (e fóra da mesma).

-Estruturas simples (folio xiratorio, 1-2-4, lápiz ao centro, saco de dúbidas, parada de 3', lectura compartida) e estruturas complexas (grupo de expertos e grupo de investigación).

### 3.- APRENDIZAXE BASEADA NO PENSAMENTO

Empregaremos un conxunto de ferramentas e recursos que permitan facer visibles os procesos cognitivos na aula, ensinando a pensar de xeito reflexivo, crítico, creativo e eficaz, promovendo a infusión curricular e fomentando unha cultura do pensamento.

Ao longo do desenvolvemento da programación empregaranse diferentes estratexias e ferramentas que facilitarán a asimilación de aprendizaxes, a profundización, a reflexión sobre o propio coñecemento e a construción do propio pensamento.

De xeito xeral, empregaranse:

- Rutinas de pensamento, patróns sinxelos de pensamento que poden ser empregados repetidamente, permitindo xerar pensamentos, razoar e reflexionar (vexo, penso, pregúntome; KWL; un titular; CSI; antes pensaba...agora penso; toma de notas).

- Destrezas de pensamento, apoiadas en organizadores gráficos asociados pondo en marcha procesos mentais complexos (comparar e contrastar, toma de decisións).

- Organizadores gráficos, ferramentas que axudan a rodear o pensamento permitindo unha aprendizaxe máis profunda, observando visualmente as relacións da información (thinking maps, mapas mentais, diagrama de Venn).

Esta metodoloxía permite o desenvolvemento dos procesos cognitivos que vertebran as aprendizaxes recollidas no currículo a través do tratamento da información e conceptos específicos da materia.

Concrecións sobre o tratamento da lectura e a oratoria na materia

Lectura

Tal e como se establece no CIL do centro haberá un Libro de lectura: "o alumnado lerá un libro de lectura na lingua estranxeira, adaptado ao seu nivel ao longo do curso. A lectura farase na clase e/ou na casa."

No caso da materia de inglés a lectura será no segundo trimestre. Faranse actividades relacionadas coa lectura dentro e/ou fóra da aula.

Trala lectura avaliarase ao alumnado cunha proba escrita que formará parte da nota da avaliación e ademais farase unha valoración das lecturas a través dunha enquisa.

En canto á oratoria, segundo o establecido no CIL:

Traballarase e avaliarase a través de:

- Presentacións orais
- Diálogos/ conversas (sobre situacións cotiás)
- Monólogos: descricións orais

Avaliación da destreza con rúbricas, nas que os descritores a avaliar serán: adecuación, pronunciación, fluidez, estrutura gramatical, vocabulario, coherencia ecohesión, conectores, e comunicación non verbal.

Ademais na etapa da ESO, quincenalmente, a metade do alumnado de cada clase asistirá a unha clase íntegra de speaking coa finalidade de mellorar a súa expresión oral e potenciar a súa habilidade oratoria.

Por último, no centro existe un proxecto interdisciplinar proposto desde a biblioteca no que participan diversas materias. Realizaranse as aportacións correspondentes desde a materia de inglés.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA-Edixgal): licenza dixital NETWORK Student's Book 1 ESO (Burlington Books)
Material funxible da aula e do alumnado

Producións audiovisuais (vídeos, audios e outras gravacións temáticas)
Fontes de información físicas e dixitais: libros, periódicos, glosarios, revistas, entrevistas, redes sociais
Recursos ambientais: a aula e caquera outro espazo do centro (ou fóra do centro) que fose preciso segundo a actividade a realizar
Libros de lectura adaptada
Recursos online: Kahoot, Quizizz, Menti, Genially, Canva

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas de curso. É importante ter en conta a información do alumnado dos cursos pasados e así poder detectar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.

Faremos dinámicas co alumnado para coñecer cal é a súa situación emocional.

Farase unha proba inicial que contará con preguntas sobre o coñecemento da lingua, expresión e comprensión escrita e comprensión oral. Esta proba non será cualificada.

En base a toda a información recollida nesta avaliación inicial tomaranse as medidas necesarias dependendo do nivel xeral da aula. Se o nivel é moi precario, unha das medidas a tomar individualmente é mandarlles traballo de reforzo para casa con seguimento personalizado.

Se o nivel da aula é moi bo, seguiranse as pautas determinadas por esta programación sen necesidade de adoptar ningunha medida de atención á diversidade extraordinaria.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	38	46	45	28	45	21	<b>36</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	62	54	55	72	55	79	<b>64</b>

#### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continua e progresiva.

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. **COMPRESIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

2. **COMPRESIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 10%**

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar,

preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

3. PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E/OU MEDIACIÓN ORAL (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 15%  
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

4. PRODUCCIÓN, INTERACCIÓN E/OU MEDIACIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10): 15%  
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

5. COÑECEMENTO DA LINGUA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25%  
Instrumentos de avaliación: Proba escrita

6. PLURILINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 10%  
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección

7. INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 15%  
Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección  
CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final obtérase calculando a media ponderada (20%, 30%, 50%) dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5 sobre 10.

O alumnado que segundo as porcentaxes das cualificacións trimestrais obtivera unha cualificación inferior a 5 ao remate da terceira avaliación, e por tanto non teña superada a materia, deberá realizar unha proba escrita de recuperación, como se detalla no seguinte apartado.

#### **Criterios de recuperación:**

A avaliación na materia de inglés e continua e progresiva. Os alumnos realizarán tarefas de reforzo de contidos gramaticais e léxicos das avaliacións que non superasen, que poderán incluír follas de traballo ou actividades dixitais. Logo das tres avaliacións trimestrais, o alumnado que non obteña unha cualificación global positiva, igual ou superior a 5 puntos sobre 10, logo de calcular a media ponderada dos tres trimestres, terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba escrita global. Nesta proba avaliaranse as destrezas e contidos impartidos neste nivel nos tres períodos de avaliación do curso 2022/2023 como segue:

1. COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 15%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

2. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6): 20%

Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

3. COMPRENSIÓN ORAL (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 15%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de resposta curta.

4. COÑECEMENTO DA LINGUA (CA1.1+ CA1.2 + CA 1.3): 50%

Instrumento de avaliación: Proba escrita. No caso de que o alumno ou alumna obtivese nesta proba de recuperación cualificación de 5 ou superior recuperará a materia. A súa nota final será a resultante do 50% da media ponderada das tres avaliacións e o 50% da proba escrita de recuperación arriba expresada.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede. Non hai recuperación de pendentes en primeiro da ESO.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Seguindo a Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, nesta programación desenvolveranse diferentes medidas de atención á diversidade:

- Medidas ordinarias:

- A. Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- B. Adecuación da programación didáctica ao alumnado e ás circunstancias do seu entorno
- C. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- D. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación
- E. Reforzo educativo

- Medidas extraordinarias:

- A. Adaptación curricular

As medidas ordinarias levaranse a cabo a través do propio deseño da programación e das situacións concretas de aprendizaxe. Neste senso, as decisións metodolóxicas e o emprego dos recursos didácticos son fundamentais para a atención á diversidade. Todas estas decisións están baseadas nos principios do DUA como enfoque que permite deseñar contexto de aprendizaxe personalizados no que todo o alumnado sexa capaz de aprender e nas que as súas características tiñan acollida. Estes principios son:

1. Proporcionar múltiples medios de presentación da información.
2. Proporcionar múltiples medios de acción e representación.
3. Proporcionar múltiples formas de implicación.

Tamén se terán en conta as consideracións e recomendación incluídas nos protocolos de atención educativa publicados pola Consellería. En concreto, seguiranse as indicacións recollidas nos seguintes protocolos:

- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe

O transcórrese do curso e a realización e análise das diferentes actividades, así como os datos recollidos a través das avaliacións, permitirán introducir modificacións e axustes necesarios en relación á programación co fin de dar unha resposta eficaz e eficiente á todo o alumnado.

Segundo o alumnado matriculado na asignatura de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés contabilízanse os seguintes casos:

a) Alumnado con necesidade específica de apoio educativo (casos de TDAH, TDA, TEA, DEA), co que se adoptarán as seguintes medidas:

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

b) Alumnado con altas capacidades intelectuais, co que se adoptarán as seguintes medidas:

- Propórzanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evítanse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Propórzanse tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Expresión escrita	X	X	X	X	X	X
ET.4 - ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.6 - ET.6 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X
ET.8 - ET.8 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - Igualdade de xénero, respecto mutuo e cooperación entre iguais. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.10 - ET.10 - Educación para a saúde	X	X		X		
ET.11 - ET.11 - A formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.12 - ET.12 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X		X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.13 - ET.13 - Aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, (...) e de calquera tipo de violencia	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Xunto cos contidos, non podemos esquecer os elementos transversais. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita son elementos que se traballarán dende todas as materias, aínda que máis no noso caso por tratarse dunha lingua. Tamén traballaremos a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e ao educación cívica e constitucional.

Deseñaremos actividades inclusivas, con igualdade de oportunidades e desenvolvendo valores que preveñan a violencia de xénero, que fomenten a igualdade e a non discriminación, contribuíndo así ao Plan de Igualdade do centro. Tamén se promoverá a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, social, así coma os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a paz, a democracia e o respecto a os dereitos humanos. A creatividade, a autonomía, a iniciativa, a confianza nun mesmo e o sentido crítico tamén serán abordados dende a nosa materia. Estes elementos que se traballarán dende a materia ao longo do curso nas distintas unidades didácticas, tamén se ligarán a algunhas das celebracións que aparecen na orde do calendario escolar.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
TEATRO INTERACTIVO EN INGLÉS	Obra de teatro interactiva en inglés. Segundo trimestre.			

#### Observacións:

Realizaranse actividades de acordo coa oferta dispoñible durante o curso e faranse actividades con motivo de diferentes eventos, como o Día da Muller, o Día do Libro ou festividades sinaladas no mundo anglosaxón.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico



A organización e secuencia das unidades didácticas foi adecuada ás características do alumnado
Os criterios de avaliación de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado
Os contidos de cada unidade didáctica foron axeitados para o logro efectivo por parte do alumnado
A secuencia de criterios de avaliación e contidos foi acertada para o logro das aprendizaxes por parte do alumnado
Os instrumentos de avaliación foron axeitados para a constatación obxectiva das aprendizaxes por parte do alumnado
<b>Metodoloxía empregada</b>
A metodoloxía empregada promoveu a participación e motivación de todo o alumnado de xeito activo e efectivo
O principio 1 do DUA (Proporcionar múltiples formas de presentación da información) respectouse ao longo das unidades didácticas
O principio 2 do DUA (Proporcionar múltiples formas de acción e representación) respectouse ao longo das unidades didácticas
O principio 3 do DUA (Proporcionar múltiples formas de motivación) respectouse ao longo das unidades didácticas
Fomentouse e levouse a cabo a autoavaliación
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os recursos didácticos e materiais empregados foron variados e funcionais ao longo das unidades didácticas
A dixitalización está presente na procura de información e realización de actividades
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
A atención á diversidade tivo en conta as consideracións recollidas nos Protocolos de actuación da Consellería de Educación
As medidas de atención á diversidade necesarias adoptáronse o antes posible de xeito efectivo tendo en conta as necesidades educativas detectadas
<b>Clima de traballo na aula</b>
Ofreceuse unha retroalimentación axeitada ao alumnado por parte do profesorado
As interaccións entre o alumnado contribuíron á construción das aprendizaxes
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Houbo coordinación coas familias ao longo do proceso ensino-aprendizaxe
Houbo coordinación entre o profesorado
Fomentouse e levouse a cabo a coavaliación

**Descrición:**

O grao de consecución destes indicadores avaliarase mediante os parámetros:

BAIXO  
 MEDIO  
 ALTO

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A través da programación de aula deseñaranse as actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirán facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados. Ademais, realizarase un seguimento mensual a través de PROENS do grao de cumprimento da programación.

Ao finalizar cada trimestre avaliaremos o cumprimento da programación en canto a obxectivos e contidos nas reunións de departamento. Os datos quedarán reflectidos nunhas grellas trimestrais (escala de estimación con indicadores de logro) deseñadas para tal fin, que quedarán recollidas nas actas de departamento.

Ao rematar o curso faremos unha valoración xeral do cumprimento da nosa programación. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función de aqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación.

Esta programación está aberta a modificacións e melloras para adaptala as necesidades do alumnado e profesorado, dependendo dos resultados acadados. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de novos recursos. Para implementar esta análise empregárase unha escala de estimación (de 4 a 1, sendo 4 a máxima valoración e 1 a menor) con indicadores que den resposta ás seguintes cuestións:

- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- Engadiuse algún criterio de avaliación ou contido non previsto algún dos trimestres segundo se estableceu na programación?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Concretáronse os elementos transversais a desenvolver?
- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- Son axeitados, variados, funcionais e versátiles, os materiais didácticos empregados?
- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
- Estableceuse un plan de recuperación para que o alumnado coa materia pendente doutros cursos poida recuperala, se fose o caso?
- Estableceuse un plan específico para o alumnado repetidor, se fose o caso?
- Adoptáronse as medidas de atención á diversidade precisas?

## 9. Outros apartados